

3.6. Medio ambiente

A SITUACIÓN MEDIOAMBIENTAL É UN DOS ASPECTOS QUE HAI QUE TER EN CONTA Á HORA DE avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social. Neste senso, o incumprimento dos obxectivos intermedios da Estratexia de Lisboa pon de releve a necesidade de impulsar e reactivar os diferentes medios non só na dimensión socioeconómica senón tamén na “medioambiental”.

Ao longo deste capítulo farase referencia a aspectos importantes como a consideración do cambio climático e do Protocolo de Kioto, así como ao informe *Avaliación dos efectos económicos provocados polos vertidos de fuel derivados do buque Prestige*, realizado pola Universidade de Vigo, que pretende dar un primeiro paso na cuantificación global dos danos causados polo accidente do petroliero *Prestige*.

Os incendios forestais en Galicia seguen a ser un importante problema dende o punto de vista medioambiental. Atendendo á evolución nos dous últimos anos, as estatísticas reflicten unha medra do número de incendios e da superficie arrasada, manténdose a intencionalidade como principal causa dos incendios (un oitenta e cinco por cento dos incendios son provocados). Outra das características dos lumes forestais nos últimos anos en Galicia é a súa concentración espacia e temporal.

Como punto de partida, e tendo en conta que os obxectivos básicos da Consellería de Medio Ambiente foron o de conseguir “a protección do medio e o desenvolvemento sostible, garantindo o crecemento e a competitividade”, o presuposto da devandita Consellería rexistrou unha medra no ano 2004 do 13,3% respecto ao ano precedente, para situarse nos 325.580,2 miles de euros, dos que un total de 116.716,8 miles de euros (un 12,2% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 3.6.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería, onde o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorbe a metade dos seus presupostos (162.094,8 miles de euros). Séguelle en importancia os programas 422C, prevención e defensa contra incendios e o 614C, ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal, que acollen o 20,1% (65.353,6 miles de euros) e 18,3% (59.673,1 miles de euros) do total dos presupostos da Consellería, respectivamente.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran as sociedades públicas Sogama e Obras e Servizos Hidráulicos, cun presuposto total de 85.853 miles de euros (un 50,5% inferior ó do ano 2003) e 71.370 miles de euros (un 16,1% máis), respectivamente. Do presuposto do organismo autónomo Augas de Galicia, 31.987,3 miles de euros corresponden aos investimentos reais (un 43,5% superior ó do ano 2003).

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica, por un importe similar ao previsto no ano anterior, 19,3 millóns de euros.

Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 2003-04: distribución por programas

	2003	2004	04/03
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
342A Protección e Mellora do Medio Ambiente	129.705,7	162.094,8	25,0
341A Direccións e Servicios Xerais de Medio Ambiente	7.874,3	8.279,9	5,2
422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan forestal de Galicia)	60.596,4	65.353,6	7,9
432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	1.717,9	1.612,6	-6,1
614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal (Plan forestal de Galicia)	46.627,5	59.673,1	28,0
441A Elaboración e difusión estatística	78,1	78,1	-
731A Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf.	11.981,0	-	-100,0
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos	28.744,7	28.488,1	0,0
Total	287.325,6	325.580,2	13,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 2003-04

	2003	2004	04/03
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
342A Protección e mellora do Medio Ambiente			
601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.)	15.364,7	26.649,6	73,4
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.840,8	1.301,8	-29,3
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos			
601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.)	2.919,0	1.632,6	-44,1
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	10,0	20,0	100,0
624 Material de transporte	95,0	95,0	0,0
625 Mobiliario e útiles	20,0	20,0	0,0
626 Equipos para procesos de información	60,1	135,0	124,6
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.964,4	2.133,3	8,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.6.1. ▲

CAMBIO CLIMÁTICO


CADRO 3.6.2. ▲

O fenómeno do cambio climático é, probablemente, un dos principais problemas ambientais a escala global aos que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, en 1997 cen países acadaron un acordo e asinaron o denominado protocolo de Kioto ou Protocolo sobre o Cambio Climático. Trala ratificación de Rusia en novembro de 2004, o devandito Protocolo entrou en vigor o 16 de febreiro de 2005 ao cumprirse o requisito legal de sumar, alomenos, o 55% das emisións totais.

O protocolo de Kioto establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático. España comprométese a acadar no período 2008-2012 uns niveis de emisión, medidos en toneladas equivalentes de CO₂, correspondentes ao 115% das producidas no ano de referencia -1990 para CO₂ (dióxido de carbono), N₂O (óxido nítrico) e CH₄ (metano); e 1995 para HFC (hidrofluorocarbonos), PFC (perfluorocarbonos) e SF₆ (hexafluorocarbonos)-. O 26 de xaneiro de 2005 España aprobou o Instrumento de Ratificación do Protocolo.

O gráfico 3.6.1. reflicte a medra das emisións totais de gases de efecto invernadoiro entre o ano 1990 e 2001. Nese período de tempo, as emisións medraron un 23,4%. Atendendo ás emisións segundo categoría de actividade, o cadro 3.6.3. reflicte que as actividades de procesamento de enerxía son as máis

Índice de evolución temporal das emisións respecto ao ano base 1990-2001



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Centro de desenvolvemento sostible

Evolución anual de emisións en Galicia 2000-01: distribución segundo tipo de gas e categoría de actividade

	2000	2001
	(CO ₂ equivalente en quilotoneladas)	
Gases efecto invernadoiro	34.646,58	35.043,68
CO ₂	29.371,04	29.892,26
CH ₄	3.119,01	3.144,77
N ₂ O	1.725,31	1.716,79
HFC	120,90	155,35
PFC	294,23	118,20
SF ₆	16,09	16,31
Categoría de actividade	34.646,58	35.043,68
Procesamento da enerxía	28.939,10	29.439,10
Procesos industriais	1.407,30	1.301,52
Uso de disolventes e outros produtos	122,73	117,35
Agricultura	3.527,08	3.501,90
Tratamento e eliminación de residuos	650,38	683,82

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Centro de desenvolvemento sostible

▲ GRÁFICO 3.6.1.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2001-2003. Número de substancias contaminantes e de complexos industriais

	Substancias			Complexos industriais		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Andalucía	32	-	-	222	-	-
Aragón	22	22	22	433	100	110
Asturias	33	33	32	26	23	26
Baleares	4	5	9	6	6	7
Canarias	13	5	7	10	13	13
Cantabria	26	27	27	27	35	35
Castela e León	25	26	26	94	193	261
Castela-A Mancha	20	-	13	70	-	11
Cataluña	38	29	33	242	368	343
Valenciana	26	15	16	38	66	61
Extremadura	15	16	16	28	58	54
Galicia	26	18	19	26	24	24
Madrid	16	23	23	20	39	35
Murcia	13	21	20	6	34	32
Navarra	17	19	22	70	92	93
País Vasco	36	34	33	106	107	120
Rioxa, A	2	6	21	2	10	10
Ceuta e Melilla	-	3	4	-	1	1
España	42	42	42	1.426	1.169	1.236

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente, Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes

◀ CADRO 3.6.3.

◀ CADRO 3.6.4.

contaminantes, ao acoller o 84,0% das emisións totais en 2001, fronte ao 10,0% das actividades agrícolas.

Segundo os datos do Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, o número total de substancias contaminantes en Galicia no ano 2003 (último ano dispoñible) foi de 19, situándose coma a sexta comunidade autónoma co menor número de substancias contaminantes. Atendendo ao tipo de emisións, ben ao aire ben á auga, cómpre salientar que catro substancias contaminantes o son por emisións ao aire, en tanto que hai nove substancias que contaminan a auga directamente e doce o fan indirectamente. No ano 2003, o número de complexos industriais contaminantes ascendeu, **cadro 3.6.4.**, a 24, o que representa o 1,9% do total estatal.

O ACCIDENTE DO BUQUE PRESTIGE

O impacto social, económico e ambiental das mareas negras consecuencia do afundimento do petroleiro *Prestige* nas costas galegas foi o acontecemento socioeconómico máis salientable do ano 2002 na comunidade autónoma, tal coma se reflectiu na Memoria socioeconómica de Galicia correspondente a ese ano.

O informe *Avaliación dos efectos económicos provocados polos vertidos de fuel derivados do buque Prestige*, realizado pola Universidade de Vigo para o Consello Económico e Social de Galicia, e coordinado polos profesores M. Varela Lafuente e A. Prada Blanco, afirma que, dende o punto de vista da economía ambiental, perdas son todas aquelas diminucións de benestar derivadas do vertido. Entre estes efectos económicos atópanse

- Labores de limpeza e restauración das áreas afectadas
- Efectos directos sobre os sectores da pesca, marisqueo, acuicultura e turismo
- Efectos indirectos para sectores que dependen dos anteriores ou da imaxe de marca do recurso (transformación, transporte, distribución, construción naval, etc.)
- Perda de beneficios non intercambiados nos mercados, como son os beneficios recreativos e paisaxísticos para a poboación, os valores culturais e naturais que proporciona a conservación do patrimonio natural.

Coma punto de partida a unha necesaria avaliación global dos efectos económicos e sociais do accidente do *Prestige*, o devandito informe analiza e cuantifica, para Galicia e para o ano 2003, os danos sobre dous sectores directamente afectados: a obtención de alimentos derivados do mar (pesca, marisqueo, acuicultura e actividades relacionadas) e as actividades de ocio e lecer (hostalería, restauración, excursionismo e actividades relacionadas). Estes dous sectores representan, no seu conxunto, ao redor do nove por cento da renda e do emprego galego, mais chegan a duplicar eses datos cos efectos de arrastre en compras e/ou transformacións posteriores.

Antes de presentar a estrutura do informe e as principais consideracións do CES ao mesmo, aprobadas polo Pleno na súa sesión 2/05, de 29 de abril, cómpre salientar que á hora de analizar a avaliación dos efectos económicos provocados polo afundimento do *Prestige* hai que ter en conta a “complexidade e a variedade dos procesos que compoñen o sector pesqueiro en Galicia, que dificulta o establecemento dun escenario de partida; a dispar incidencia do vertido segundo as comarcas afectadas; a repercusión indirecta vía prezos da catástrofe na acuicultura; a incidencia das perdas de ingresos de produción sobre o resto

**Estimación de danos aos recursos naturais e ambientais
derivados do Prestige**

	Inferior	Superior	Medio
	<i>(en millóns de €)</i>		
Plurianuais	1.347,3	1.965,6	1.656,5
Gastos paliativos	430,3	597,6	514,0
Usos Pasivos	917,0	1.368,0	1.142,5
Primeiro Ano (2003)	413,3	538,1	475,6
Alimentos do mar (1)	73,7	100,9	87,3
Turismo	51,1	72,6	61,8
Danos recreativos	288,5	364,6	326,5
Total global provisional	1.760,6	2.503,7	2.132,1
Total reclamables	555,1	771,1	663,1

(1) Para a pesca considérase o período de 14 meses desde novembro de 2002 ata decembro do 2003. Ademais, aquí non se incúen os danos ás redes, aparellos, instalacións ou barcos de pesca.

Fonte: Informe "Evaluación dos efectos económicos provocados polos verquidos de fuel derivados do buque Prestige"

◀ CADRO 3.6.5.

da economía galega; e a alta valoración por parte dos afectados das axudas destinadas a paliar os efectos do vertido". Asemade, a valoración do impacto no sector turístico ven dificultada polo feito da disparidade de datos entre as distintas fontes, polo que "o CES entende que deberían de analizarse con cautela".

O devandito informe estrutúrase en catro partes. Na primeira delas, co obxectivo de apuntar algunhas das posibles causas do risco de accidentes nas principais rutas de transporte marítimo, e delimitar o ámbito dos impactos xunto cos problemas de estimación que xorden en cada caso, realízase unha "delimitación de responsabilidades e impactos no transporte marítimo de hidrocarburos. O caso *Prestige*". O segundo e terceiro capítulo dedícase a estudar o impacto do accidente do buque Prestige no sector pesqueiro así como a cuantificación de danos aos usos activos do patrimonio natural. Finalmente, os autores do Informe presenta as súas conclusións do estudio.

A partir dos datos estatísticos oficiais, tanto a nivel autonómico coma estatal, e dos datos extraídos de traballo de campo directo (905 entrevistas realizadas, das que 512 corresponden a concellos ca costa e as restantes 393 entrevistas a concellos do interior) os autores estiman que os danos directos para os produtos alimentarios e o turismo e os danos recreativos ascende, para o primeiro ano a 475,6 millóns de euros (valor medio). Se a estes datos engadimos os gastos plurianuais, **cadro 3.6.5.**, a valoración estimada dos danos superan de xeito considerable a contía total reclamable.

Tendo en conta o informe *Avaliación dos efectos económicos provocados polos vertidos de fuel derivados do buque Prestige*, o CES, nas consideracións ao Informe, afirma que "a responsabilidade deste tipo de accidentes debe atribuírse a un compendio de factores interdependentes entre si que non son fáciles de identificar e que están inmersos nun marco legal pouco efectivo, no que existen danos cuantificables que non son indemnizables, como son os danos medioambientais".

Dende un punto de vista de iniciativas con incidencia medioambiental cómpre salientar que en 2004, o Estado aprobou unha nova normativa sobre responsabilidade civil derivada de danos pola contaminación marítima por hidrocarburos. Segundo o Real Decreto 1892/2004, de 10 de setembro, polo que se dictan

normas para a execución do Convenio Internacional sobre responsabilidade civil derivada de danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, os propietarios de buques cunha carga de hidrocarburos superior a 2.000 toneladas terán que subscribir un seguro que cubra a responsabilidade derivada de posibles vertidos.

AUGA

A cantidade de auga para o abastecemento público urbano descendeu en Galicia no ano 2003 en relación ao ano anterior, acadando os 291.997 miles de metros cúbicos, o que representa o 5,9% do total estatal (6,6% no ano precedente). Pola contra, a perda de auga dispoñible nas redes de distribución medrou en 2003 un 5,6%, de tal xeito que en 2003 perdeuse o 18,9% da auga dispoñible fronte ao 16,7% do ano anterior.

O consumo dos fogares galegos medrou en 2003 un 9,7%, situándose, **cadro 3.6.6.**, nos 143.213 miles de metros cúbicos, o 60,5% do consumo total. O consumo medio de auga nos fogares galegos foi de 143 litros por habitante e día (167 litros de media no Estado), o que a sitúa como a quinta comunidade co menor consumo medio tras Baleares (130 litros/habitante/día), Canarias (135 litros), A Rioxa (136 litros) e Ceuta e Melilla (139 litros).

Na comunidade autónoma de Galicia, no ano 2003, o prezo medio da auga por metro cúbico acadou os 0,62 euros, vinte e catro céntimos por baixo da media estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, o **cadro 3.6.8.** amosa que as cinco comunidades cos prezos máis baixos son Castela e León, con 0,53 euros por metro cúbico; A Rioxa, con 0,54 euros; Castela A Mancha, con 0,57 euros; Cantabria, con 0,60 euros; e Galicia, cos devanditos 0,62 euros por metro cúbico.

No que respecta á recollida e tratamento de augas residuais nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 3.6.9.** indica que en 2003 recolléronse en Galicia 557.659 m³ de augas residuais por día, dos que foron tratados 497.878 m³, o que sitúa a Galicia no sexto lugar, despois de Andalucía, Cataluña, Madrid, a C. Valenciana e Castela e León. A porcentaxe de augas residuais tratadas sobre o total de recollidas é do 89,3% en Galicia, porcentaxe similar á acadada no conxunto do Estado.

Galicia é a sexta comunidade en volume total de auga vertida, con 556.098 m³ por día, por detrás das devanditas Andalucía, Cataluña, Madrid, a C. Valenciana e Castela e León, e é a sexta comunidade con menor volume de auga reutilizada, con 1.561 m³ por día, só por diante de Navarra, A Rioxa, Ceuta e Melilla, Aragón e Extremadura.

Finalmente, do **cadro 3.6.9.** dedúcese que Galicia acolle o 5,9% das augas residuais recollidas e tratadas en España, mentres que o importe total dos gastos en investimento da recollida e tratamento de augas residuais tan só significa o 0,2% (1.524 miles de euros) do importe estatal. O importe total das cotas de saneamento e depuración ascendeu en Galicia en 2003 a 29.509 miles de euros, o que representa o 3,3% das cotas en España.

SOLO

Tendo en conta que no capítulo **1.2.- Producción** desta Memoria preséntanse os principais datos da distribución da terra e da agricultura ecolóxi-

Abastecemento público urbano en Galicia e España 2002-03: distribución segundo grandes grupos de usuarios

	2002			2003		
	Galicia	España	(%)	Galicia	España	(%)
	<i>(en miles de m³)</i>			<i>(en miles de m³)</i>		
Volume augua controlada e distribuída para abastec. público	261.066	3.855.697	6,8	236.681	4.019.615	5,9
Sectores económicos	62.532	891.039	7,0	44.865	933.309	4,8
Fogares	130.504	2.511.810	5,2	143.213	2.602.904	5,5
Consumos municipais	24.738	325.785	7,6	17.759	349.747	5,1
Outros	43.292	127.063	34,1	30.844	133.655	23,1
Augua perdida na rede de distribución	52.385	927.430	5,6	55.316	927.393	6,0
Volume auga para abastecemento público urbano	313.451	4.783.127	6,6	291.997	4.947.008	5,9
	<i>(en miles de €)</i>			<i>(en miles de €)</i>		
Importe total da augua distribuída	134.228	2.352.117	5,7	119.515	2.579.287	4,6
Importe total da inversión en los servicios de suministro	4.932	283.997	1,7	7.531	317.921	2,4

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

Consumo medio de augua nos fogares 2002-2003

	2002	2003	02/03
	<i>(en litros / habitante / ano)</i>		<i>(%)</i>
Andalucía	184	184	0,0
Aragón	170	169	-0,6
Asturias	158	161	1,9
Baleares	127	130	2,4
Canarias	134	135	0,7
Cantabria	182	185	1,6
Castela e León	155	168	8,4
Castela-A Mancha	185	184	-0,5
Cataluña	182	183	0,5
Valenciana	158	163	3,2
Extremadura	165	163	-1,2
Galicia	131	143	9,2
Madrid	166	166	0,0
Murcia	146	149	2,1
Navarra	148	152	2,7
País Vasco	147	149	1,4
Rioxa, A	140	136	-2,9
Ceuta e Melilla	146	139	-4,8
España	164	167	1,8

Fonte: INE

▲ CADRO 3.6.6.

◀ CADRO 3.6.7.

◀ CADRO 3.6.8.

Prezo medio da augua nas CC.AA. 2001-03

	Prezo medio			03/02
	2001	2002	2003	
	<i>(en € / m³)</i>			<i>(%)</i>
Andalucía	0,64	0,69	0,79	14,5
Aragón	0,59	0,62	0,66	6,5
Asturias	0,55	0,59	0,65	10,2
Baleares, Illas	1,45	1,48	1,42	-4,1
Canarias	1,66	1,67	1,68	0,6
Cantabria	0,52	0,55	0,60	9,1
Castela e León	0,45	0,49	0,53	8,2
Castela-A Mancha	0,48	0,52	0,57	9,6
Cataluña	0,91	0,98	1,04	6,1
Valenciana	0,72	0,78	0,83	6,4
Extremadura	0,74	0,76	0,73	-3,9
Galicia	0,60	0,61	0,62	1,6
Madrid	0,76	0,81	0,86	6,2
Murcia	1,02	1,08	1,08	0,0
Navarra	0,59	0,63	0,73	15,9
País Vasco	1,09	1,14	1,15	0,9
Rioxa, A	0,42	0,44	0,54	22,7
Ceuta e Melilla	0,63	0,68	0,74	8,8
España	0,76	0,81	0,86	6,2

Fonte: INE, Indicadores sobre el agua

Recollida e tratamento das augas residuais nas CC.AA. 2003: distribución segundo clase de indicador

	Aguas residuais		Volumen total auga vertida	Volumen total auga reutilizada	Gastos invest. recollida e tratamento augas residuais	Cotas saneamento e depuración
	Recollidas	Tratadas				
			(en m ³ /día)		(en miles de €)	
Andalucía	1.859.073	1.642.305	1.752.176	106.897	25.489	169.640
Aragón	332.989	292.031	332.723	266	202	30.007
Asturias	241.829	142.679	239.701	2.128	3.752	23.026
Baleares, Illas	186.628	178.939	135.585	51.043	2.786	38.704
Canarias	346.357	224.998	228.361	117.996	7.600	37.347
Cantabria	96.207	85.211	84.364	11.843	-	13.771
Castela e León	565.259	537.222	561.754	3.505	958	34.387
Castela-A Mancha	365.810	339.362	360.286	5.524	13.760	25.922
Cataluña	1.660.276	1.440.621	1.649.152	11.124	120.894	134.134
Valenciana	757.399	724.831	622.203	135.196	84.425	74.866
Extremadura	293.867	266.420	292.574	1.293	715	21.681
Galicia	557.659	497.878	556.098	1.561	1.524	29.509
Madrid	1.217.240	1.133.616	1.213.101	4.139	184.171	109.766
Murcia	244.670	241.049	242.101	2.569	2.367	21.556
Navarra	155.570	151.945	155.570	-	162.700	18.502
País Vasco	550.531	515.848	542.108	8.423	39.127	97.356
Rioxa, A	56.096	56.096	56.096	-	2.050	5.887
Ceuta e Melilla	19.000	19.000	18.950	50	-	-
España	9.506.460	8.490.051	9.042.903	463.557	652.520	886.061

(1) Só inclúe augas residuais recollidas procedentes da rede de distribución
 Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

CADRO 3.6.9. ▲

ca –sistema de produción agrícola e gandeira cuxa finalidade principal é ofrecer alimentos de orixe animal e vexetal da máxima calidade, tanto dende un punto de vista sanitario coma nutritivo–, á hora da análise do solo cómpre facer referencia a dous grandes aspectos: En primeiro lugar, á evolución dos incendios forestais en Galicia, así como á superficie arrasada por estes lumes e as causas dos mesmos. En segundo lugar, á hora de considerar a estrutura dos montes galegos é necesario ter en conta o estudo dos espazos naturais protexidos.

• Incendios forestais

Antes de analizar as principais estatísticas dos incendios forestais en Galicia, cómpre facer referencia ao Plan INFOGA de 2004, que se estrutura en catro grandes apartados nos que se analizan os obxectivos a acadar, o Plan de prevención, o Plan de extinción e un procedemento operativo.

O obxectivo xeral da defensa contra os incendios é, dados dos recursos dispoñibles, a redución, ao mínimo posible, das consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos lumes forestais. Xunto a este obxectivo xeral defínense uns obxectivos intermedios ou de control, que permiten estimar o seu grado de cumprimento (superficie total e superficie arborada queimada por lume inferior a 3ha e unha hectárea, respectivamente; o número de conatos debe representar máis do 70% do total de incendios rexistrados e a porcentaxe de lumes que afecten a máis de 25 ha non debe superar o 2%; e o número de incendios forestais ten de manterse por baixo da media dos últimos cinco anos) e uns obxectivos complementarios (seguridade do persoal, formación, fomento da colaboración veciñal ou a análise das causas que orixinan os incendios) e outros particulares (ordenación dos usos, a regularización de aproveitamentos ou a coordinación entre administracións), que tampouco poden ser medidos.

Os **cadros 3.6.10. a 3.6.12.** reflicten as principais accións do Plan de Prevención, tanto as dirixidas á poboación coma as dirixidas ao territorio ou as

Plan Preventivo 2004: resumo

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Control selectivo do combustible (en Ha.)	3.779,9	3.318,5	7.635,2	2.081,0	16.814,6
Creación e mellora de pastizais e hábitats (en Ha.)	-	269,0	20,0	-	289,0
Creación e mellora de devasas (en Ha.)	125,6	598,8	834,8	206,0	1.765,2
Creación e mellora de pistas de penetración (en Km.)	363,3	523,2	1.202,7	500,5	2.589,8
Creación e mellora de puntos de auga (ud.)	276	52	253	401	982
Creación e mellora de bases aéreas (ud.)	3	3	2	6	14
Creación e mellora de puntos de vixilancia (ud.)	-	-	-	14	14
Creación e mellora de sedes de distrito (ud.)	-	-	-	1	1

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Accións preventivas 2003-04

	2003	2004
Accións dirixidas á poboación		
Regulación do emprego de queimas autorizadas. Permisos e autorizacións	308.269	309.759
Accións sociolóxicas e de educación ambiental		
Accións dirixidas ó territorio		
Plan de Control Selectivo do Combustible		
Desbroces (en has)	11.877,0	10.914,0
Faixas auxiliares (en has)	4.449,0	6.602,9
Plan de Creación e Mellora de Infraestructuras		
Devasas (has)	1.647,0	1.843,7
Puntos de auga (uds)	856	974
Pistas (km)	2.785,0	3.225,1
Puntos de vixilancia (uds)	52	76
Bases medios aéreos (uds)	22	20
Plan de Creación e Mellora de Hábitats (has)	396,0	553,4
Plan de Creación e Mellora de Pastizais (has)	322,0	264,3

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais

▲ CADRO 3.6.10.

◀ CADRO 3.6.11.

◀ CADRO 3.6.12.

Accións de formación impartida a persoal propio e doutras administracións 2003-04

	2003	2004
Técnicas de extinción	-	3
Investigación de causas	6	2
Cuadrillas helicópteros	10	13
Ofimática	-	-
Manexo de tractores	-	-
Cursos de distintas escalas	-	-
Nº de asistentes	211	353

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais

accións de formación impartidas, así como un resumo do Plan preventivo para 2004. Un cuarto grupo de accións do Plan preventivo é o que fai referencia ás accións de investigación, tanto na súa vertente socioeconómica, como forestal e policial (en estreita colaboración coas Policía Nacional, Autonómica e Local e coa Garda Civil, realízase unha análise sobre as épocas de perigo, establecemento das zonas de especial vixilancia para primavera e verán e a cobertura e estudo da causalidade nas zonas no verán).

Incendios forestais en Galicia e España 2003-04: nº de siniestros e superficie afectada

	Total siniestros		superficie afectada			
	conatos (<1 ha)	incendios (>= 1 ha)	arborada	matorral e monte baixo	resto	superficie total
	(en has.)					
2003						
A Coruña	1.441	480	522,9	1.269,3	17,3	1.809,5
Lugo	1.039	570	2.355,9	5.768,0	82,4	8.123,9
Ourense	1.740	955	1.291,7	6.297,9	31,1	7.589,6
Pontevedra	2.057	273	775,7	1.400,6	6,9	2.176,3
Total	6.277	2.278	4.946,1	14.735,8	137,8	19.699,2
España	11.983	6.634	53.673,6	69.328,6	25.170,8	148.173,1
Galicia / España (%)	52,4	34,3	9,2	21,3	0,5	13,3
2004 (1)						
A Coruña	2.040	955	2.818,0	5.233,0	-	8.051,0
Lugo	731	312	1.498,9	4.430,2	-	5.929,1
Ourense	2.234	1.114	3.946,7	9.526,4	-	13.473,1
Pontevedra	2.758	476	1.847,9	2.877,3	-	4.725,2
Total	7.763	2.857	10.111,5	22.066,9	-	32.178,4
España	14.109	7.267	50.961,4	56.147,1	16.709,2	123.817,7
Galicia / España (%)	55,0	39,3	19,8	39,3	-	26,0

(1) Datos provisionais.

(2) Superficie forestal herbácea

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 3.6.13. ▲

No concerne ás principais estatísticas relacionadas cos lumes forestais, o número de conatos e incendios rexistrados en Galicia ao longo de 2004 foi de 10.620 lumes (tres cuartas partes dos mesmos afectaron a unha superficie inferior a unha hectárea), ascendendo a superficie total queimada a 32.178,4 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao ano anterior, o **cadro 3.6.13.** amosa que Galicia experimentou en 2004 unha medra do 24,1% no número de lumes (14,8% no conxunto do Estado) e un elevado incremento do 63,3% no caso da superficie queimada (reducése un 16,4% en España).

Tras esta evolución, o peso relativo no total estatal dos lumes rexistrados en Galicia e a súa superficie queimada medrou no último ano ata o 49,7% e 26,0%, respectivamente. Se se ten en conta a desagregación entre superficie arborada e non arborada, cómpre salientar que o 19,8% da superficie arborada queimada en España pertence á comunidade autónoma de Galicia (9,2% no ano anterior), sendo esta porcentaxe do 30,3% no caso da superficie non arborada (15,7% en 2003).

Un ano máis, a provincia de Ourense foi a que rexistrou o maior número de lumes forestais, con 3.348 incendios (o 70,8% afectan a unha superficie inferior a unha hectárea). Séguenlle Pontevedra, con 3.234 incendios (o 84,0% son conatos) e A Coruña, con 2.995 lumes (o 70,9% son conatos). Na provincia de Lugo, que foi a única que experimentou unha caída do número de incendios rexistrados, houbo un total de 1.043 incendios forestais (566 menos que no ano anterior).

Canto á superficie queimada nas provincias galegas, en 2004 Ourense acolle o 41,9% da superficie total queimada en Galicia (13.473,1 hectáreas) e case once de cada cen hectáreas queimadas no conxunto do Estado. Séguelle en importancia A Coruña, que abrangue o 25,0% (8.051,0 hectáreas) da superficie queimada na comunidade autónoma.

Comparado co acontecido no ano precedente, cómpre salientar, dunha banda, o forte crecemento da superficie queimada na provincia de A Coruña, dado que tras un incremento dun 55,8% no número de incendios forestais, a superficie queimada medrou nun 344,9% respecto ao ano 2003. Doutra, ao igual que acontece co número de lumes, a provincia de Lugo foi a única que experimenta unha caída da superficie queimada, reducíndose nun 27,0% respecto á superficie queimada en 2003.

Tendo en conta a alta concentración de lumes en determinadas zonas de Galicia, no ano 2004 fíxose un reaxuste das denominadas zonas de especial vixilancia (ZEV). As catorce ZEV definidas no último ano abranguen, **cadro 3.6.14.**, unha superficie total de 3.223,8 quilómetros cadrados (o 10,9% da superficie total de Galicia) e acollen a 525 parroquias (13,8% das parroquias galegas).

